



ESCOLA DE MÚSICA "SEMENTEIRA" DE CAMBRE

Curso 2019 / 2020

A Escola de Música "Sementeira" de Cambre pertence, desde a súa fundación no ano 1980, á asociación sen ánimo de lucro **Sementeira Cambre**, formada por unha Xunta Directiva que de maneira voluntaria xestiona a mesma, contando co financiamento principal do Concello de Cambre a través de convenio de colaboración, que se negocia e asina anualmente.

NORMAS XERAIS

1. O alumnado menor de idade será recollido no hall da Escola coa máxima puntualidade nas entradas e saídas das aulas, xa que o profesorado só se fará cargo dos/as alumnos/as durante o desenvolvemento da actividade, e será responsabilidade das nais/pais, titores/as legais ou os/as propios/as alumnos/as a espera no exterior das instalacións.
2. O alumnado de Música en Familia e Música e Movemento entrará e sairá pola porta do edificio superior.
3. Cando o/a alumno/a non sexa recollido/a polo/a pai/nai ou titor/a legal, deberá autorizarse por escrito á persoa que o faga no seu lugar, cubrindo o impreso que a tal efecto se facilitará na conserxaría da Escola.
4. Dentro da Escola débese manter a orde e coidar o material, tanto o dos/as compañeiros/as como o da Escola. A deterioración do material sen causa xustificada deberá ser abonado polos/as pais/nais ou titor/a do causante.
5. Na zona exterior da Escola está prohibido botar pedras ou outros obxectos polo lucernario nin polo valado, ante risco de lesionar as persoas ou ocasionar danos materiais. A deterioración do material sen causa xustificada deberá ser abonado polos/as pais/nais ou titor/a do causante.
6. As **BAIXAS** na matrícula da Escola deberán comunicarse **antes do día 25** do mes anterior ao que se desexa abandonar a actividade, por escrito, ben na propia Escola ou por correo electrónico. Os custos bancarios derivados da devolución de cotas, cando estas sexan imputables aos/ás alumnos/as, deberán ser abonadas polos/as mesmos/as. A Escola resérvase o dereito de anular a matrícula do alumnado en caso de impagos reiterados.
7. Só o alumnado poderá entrar na zona de aulas. O lugar de espera é o que está habilitado diante da conserxaría. Rógase o máximo silencio.
8. Poderase falar co/a profesor/a de instrumento na hora de clase asignada a cada alumno/a. Para dirixirse aos/ás profesores/as de materias colectivas deberá solicitalo en conserxaría, así como unha solicitude de información á Dirección da Escola cubrindo o impreso que a tal efecto se facilitará na conserxaría.
9. O criterio de idade nas disciplinas que así o esixan é facer anos no ano natural, é dicir, chegar a idade requirida a 31 de decembro incluído.
10. Os **DESCONTOS** formulados son compatibles entre si, facendo o cálculo correspondente en cada caso. Para o **desconto familiar**, aplicarase o 10% á cota global suma de cada unha das cotas individuais, non entrando na suma para este desconto as disciplinas de Coro Infantil e Coro. Para o **desconto multidisciplinar**, pensado para as opcións de 2º instrumento e/ou a ampliación a 1 hora semanal a clase de instrumento, aplicarase un 10% á cota individual. Para o **desconto banda**, aplicarase un 15% á cota individual para os membros activos da Banda de Música "Sementeira" de Cambre, isto é, a partir da súa participación en concertos e/ou actuacións programadas. Po último, para o **desconto tradicional**, aplicarase un 10% á cota individual de instrumento por ser membro activo do Grupo de



Instrumentos Tradicionais da Escola de Música. O cálculo das cantidades netas será por números enteiros, aplicando a regra de *redondeo á par*, isto é: se o decimal é maior ou igual que 5, redondease cara arriba, e se o decimal é inferior a 5, redondease cara abaixo.

11. Unha vez formalizada a matrícula, no caso da ordinaria, **será obrigatorio** asistir á reunión de confirmación dos horarios de finais de xuño. No caso de non poder adaptarse a ditos horarios unha vez sexan confirmados na reunión, devolverase o importe íntegro da matrícula sempre e cando se solicite antes de finais de mes. O pago das cotas mensuais e seguro anual deberán de ser por domiciliación bancaria no número de conta indicado. O alumnado en activo, que desexe continuar matriculado na Escola, é obrigatorio que faga a reserva de praza para o seguinte curso no período establecido. No caso contrario, darase de baixa con data 30 de xuño.
12. Na selección de horarios terán preferencia os/as alumnos/as xa matriculados/as na Escola sobre os/as de fóra. Dentro dos matriculados/as o criterio é orde de idade, empezando a escoller os/as máis pequenos. Para as novas matrículas, o criterio na elección de instrumento e na selección de horario é o rigoroso orde de matrícula.
13. Todo o alumnado matriculado na Escola debe de abonar, ademais das cotas mensuais establecidas para cada disciplina, un seguro obrigatorio de accidentes (10€/ano), que se pasará a principios de curso e a cota de socio da entidade Sementeira Cambre (mínimo 20 €/ano e familia), que se paga a principios de ano.
14. O inicio do curso queda establecido na reunión de horarios de finais de xuño. Unha vez comezado o curso no mes de setembro entregarase e/ou enviarase por correo electrónico e porase nos taboleiros o calendario escolar coas datas de vacacións, días non lectivos e días festivos así como os días de concertos.
15. A Escola realizará todas as súas comunicacións a través dos taboleiros de anuncios e/ou correo electrónico e/ou páxina web en caso necesario, sendo responsabilidade do alumnado o seu coñecemento.
16. A Escola entrega trimestralmente a cada alumno/a unhas calificacións unicamente de carácter informativo posto que non ten a capacidade de certificar documentos oficiais. Os ciclos propostos polo currículo da Escola non se corresponden cos do ensino oficial e regulado dos Conservatorios. A formación musical da Escola adáptase á necesidade e esixencia persoal e particular de cada caso. Por tanto, aqueles/as alumnos/as interesados/as en acceder a estudos oficiais no Conservatorio o comunicarán na Escola a principio de curso para ter marxe para organizar o traballo.
17. A Escola dispón de instrumentos que cede nalgún caso aos/ás alumnos/as para o seu traballo individual, e outros que os/as alumnos/as utilizan dentro da Escola. No caso dos instrumentos cedidos o coidado e mantemento correrá a cargo do/a alumno/a que o desfrute mentres que no caso dos instrumentos que se utilizan dentro da Escola o/a alumno/a será responsable do seu coidado durante o tempo que esté a facer uso del.
18. É obrigatorio cursar Linguaxe Musical para iniciar o estudo do instrumento. No caso no que se queira matricularse nun instrumento sen cursar Linguaxe Musical, a cota mensual individual será aindicada na táboa de prezos.
19. A matrícula na Escola de Música Sementeira de Cambre supón aceptar e respectar as normas descritas.